ATEGAL
Formación permanente e ocio para persoas adultas

MEMORIA

ACTIVIDADES

2024

SANTIAGO DE COMPOSTELA
A CORUÑA, FERROL, LALÍN, PADRÓN
MONTERROSO, OURENSE , VIGO

— Iniciativa financiada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia —

ÍNDICE

1 QUENES SOMOS 3
2 OBXECTIVOS 5
3 ACTIVIDADES PERMANENTES 7
4 PERFIL DOS USUARIOS 9
5 METODOLOXÍA 12
6 PROXECTOS DESENVOLVIDOS 17
6.1 Programa de Voluntariado Senior 17
6.2 Aulas + Social, un novo discurso fronte a lonxevidade 19
6.3 Programa Sénior Lab 20
6.4 Outras iniciativas 21
7 ORGANIZACIÓN DOS DISTINTOS SERVIZOS, CENTROS E FUNCIÓNS NO QUE SE DIVERSIFICA A ACTIVIDADE DA ENTIDADE. 23
7.1 Aula Sénior de Santiago de Compostela 23
7.2 Aula Sénior de Coruña. 33
7.3 Aula Sénior de Ferrol. 38
7.4 Aula Sénior de Vigo. 42
7.5 Aula Sénior de Ourense. 48
7.6 Aula Sénior de Padrón. 54
7.7 Aula Sénior de Lalín. 61
7.8 Aula Sénior de Monterroso. 65
8 .MEMORIA FOTOGRÁFICA 66
OS NOSOS COLABORADORES 146

— Iniciativa financiada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia —

1 QUENES SOMOS

A **Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos** é un centro de formación permanente e ocio para adultos, entidade sen fin de lucro, **colaboradora da Xunta de Galicia**, na que están integradas as Aulas Senior de Galicia- ATEGAL, dende a súa fundación.

As Aulas empezan a funcionar no curso 1978/79, da man do coñecido P. Francisco Gómez, seguindo o exemplo das "Universidades de Terceira Idade" fundadas por Pierre Vellás cinco anos antes en Toulouse (Francia) e sendo pioneiras no que hoxe coñecemos como envellecemento activo. Este curso conmemoramos os **47 anos** de formación permanente á de xeito interrompido en Galicia.

Esta entidade está recoñecida como entidade prestadora de Servizos Sociais pola Xunta de Galicia, o 17 de decembro de 1993 a entidade recibiu a "Medalla de Prata ao Mérito Cidadán" polo Concello de Santiago e recibimos de Cruz Vermella Española, o recoñecemento á Acción Voluntaria en Madrid o 14 de maio de 2002. É dende o ano 2019, é Entidade de Acción Voluntaria.

ATEGAL foi, dende a súa fundación polo R.P. Francisco Gómez Fernández S.J., en 1978, Membros Titulares da Asociación Internacional de Universidades da Terceira Idade (A.I.U.T.A) Tamén na actualidade son Membros Fundadores da Confederación Española de Aulas da Terceira Idade (CEATE).

Baixo a Presidencia de P. Rafael Romero Valencia, as Aulas conseguen mellorar notablemente a súa situación económica e comeza unha fase de renovación continua en todas as sedes. Durante á primeira década do 2000, varios proxectos das Aulas Senior de Galicia (ATEGAL) foron premiados pola Obra Social Caja Madrid, a Obra Social Viure y Conviure de Caixa Catalunya, a Fundación Pedro Barrié de la Maza, Obra Social Bancaja e recentemente Kutxabank. Así mesmo, hai

que destacar a colaboración entre esta entidade e os Concellos, nos que hai sede de ATEGAL, así como coas tres Universidades Galegas para a realización do Practicum dos seus alumnos e a posta en marcha de proxectos anuais sempre novidosos e de interese para as persoas maiores.

En marzo do ano 2017 renóvase a xunta directiva e o P. Rafael Romero é nomeado presidente de honor da entidade. Asume a presidencia D. Angel Fagilde Trabada, que exerceu de tesoureiro dende a fundación da Asociación, e coñece de cerca a Asociación e aos seus asociados. O P. Rafael Romero faleceu o 24 de novembro de 2020, deixando un gran baleiro en todos nós pero confiando máis que nunca en ATEGAL e no seu futuro. A xunta directiva renóvase periodicamente e novamente en maio de o ano 2023, é elixido Presidente, por unanimidade, D. Ángel Fagilde Trabada.
Na actualidade teñen sede en oito cidades: Santiago, A Coruña, Padrón, Ferrol, Lalín, Vigo, Ourense e Monterroso.

Este ano 2024, Ategal foi declarada Asociación de Utilidade Pública, o que con leva recoñecer publicamente o ben social para a comunidade que realizamos, publicación no DOG do 22 de abril de 2024, a ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS.

Outra novidade deste ano é que ATEGAL está adherida ao grupo de empresas colaboradoras co Carné +65, , da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

As Aulas de Santiago de Compostela, Ferrol, Ourense e Vigo forman parte do consello municipal de persoas maiores das distintas localidades.

2 OBXECTIVOS

O motivo da actuación é a promoción sociocultural das persoas adultas que desexen perfeccionar a súa formación integral, contribuíndo á elevación do nivel cultural da sociedade galega.

Os obxectivos xerais da entidade son :

1. Coordinar e desenvolver as funciones das AULAS SENIOR na Comunidade Autónoma Galega.
2. O desenvolvemento de proxectos e programas que axuden a elevar os niveis educativos das persoas maiores.
3. Estudar e investigar aspectos relacionados na formación permanente de adultos e problemáticas das persoas maiores.
4. O intercambio de experiencias e actividades encamiñadas á mellora da calidade de vida e benestar das persoas maiores por medio de plans pedagóxicos apropiados para eles.
5. Coordinar as relaciones cos órganos da Administración Autonómica e outros de carácter nacional e internacional que teñan misións dirixidas ás persoas maiores.
6. A promoción e desenvolvemento de programas del voluntariado cultural e social dos maiores así como as actividades que favorezan a participación activa e creativa dos mesmos.
7. A defensa dos intereses comúns das AULAS SENIOR DE Galicia (ATEGAL), así como a prestación de servizos de asesoría técnica e pedagóxica aos seus membros.

Para levar a cabo estes obxectivos a Asociación realiza as seguintes actuacións:

1. Imparte con carácter permanente, de outubro a maio, actividades, principalmente de xeito presencial, en catro grandes áreas de coñecemento, nas oito sedes de ATEGAL en Galicia, como se explica no seguinte apartado.

2. Colabora coas distintas Administracións Públicas de ámbito autonómico e estatal mediante a realización de estudos e actuacións específicas sobre a formación permanente de adultos, emitindo os informes que lle soliciten e propoñendo a adopción de medidas para unha eficaz xestión dos recursos utilizados pola terceira idade.
3. Realízase o seguimento e avaliación dos programas e experiencias levadas a cabo por ATEGAL.
4. Favorece acordos e convenios con órganos públicos e privados de carácter cultural e formativo e de forma especial coas Universidades Galegas.
5. Busca e promove fontes de financiamento, subvencións e axudas económicas para alcanzar os fins establecidos e para o desenvolvemento dos proxectos da Asociación.
6. Organiza e coordina cursos, xornadas, seminarios, congresos e todo tipo de actividades que contribúan á formación, reciclaxe e intercambio de experiencias de directivos, profesores, técnicos e colaboradores de ATEGAL e programas socioculturais similares a favor dos maiores.
7. Desenvolve programas de voluntariado cultural e social que sirvan para que as persoas maiores poidan seguir activas, participativas e presentes na sociedade.
8. Promove xornadas de formación para as persoas maiores en zonas rurais e comarcais dependentes de ATEGAL.
9. Edita material impreso, boletíns, revistas, así como material fotográfico, vídeos, publicacións multimedia e de calquera outro tipo de publicacións en apoio das actividades propias da Asociación.

3 ACTIVIDADES PERMANENTES

Nas oito sedes de ATEGAL impártense seminarios dunha hora de duración ou de dúas horas á semana, das seguintes temáticas.

Galego, inglés, francés, historia da arte e de Galicia, xeografía, historia viva, literatura española e galega, portugués, ciencia, cine, filosofía...

Debuxo e pintura ao óleo, acuarela, pintura en tea, traballos manuais, música, rondalla, teatro, informática, tabletas e teléfonos intelixentes, IA, ...

Ioga, pilates, ximnasia de mantemento, taichí, obradoiro de memoria, habilidades sociais, risoterapia, danzaterapia, alimentación saudable, nutrición, camiñatas, benestar emocional....

Celebración de magosto, Nadal, Entroido, letras galegas, viaxes e visitas culturais a museos e exposicións, inauguracións e clausuras do curso, participación en encontros e congresos, viaxe anual de fin de curso

O curso comeza a principios do mes de outubro e dura ata finais de maio.

— Iniciativa financiada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia —

Temos unha plataforma de formación online en moodle, de xeito que compaxinamos a formación presencial coa telemática, nun formato híbrido. https://formacion.ategal.com/login/index.php

Entón, cada alumno ademais de asistir as clases presenciais pode acceder con usuario e contrasinal á plataforma de formación e participar nas actividades que se imparten semanalmente na plataforma, que especificamos a continuación, e aos contidos que quedan gravados e accesibles en todo momento.

1. Tecnoloxía
2. Francés
3. Clube de lectura
4. Estimulación cognitiva

Ademais das actividades que teñen carácter permanente, xa mencionadas anteriormente, ofértanse outras actividades complementarias, diferentes en cada sede, como algunhas que detallamos a continuación:

1. Conferencias periódicas sobre Saúde e Benestar impartidas por profesionais do ámbito sanitario. As últimas centradas na Alimentación e Saúde Emocional.
2. Xornadas de Animación á Lectura nas que os nosos alumnos acoden a centros escolares facendo representacións de conta contos.
3. Asistencia semanal aos concertos do Auditorio de Galicia.
4. Programa de saúde, con asistencia a varios balnearios de Galicia en sesións de maña ou de tarde.
5. Actividade física na auga. Programa Awasan e no balneario de Cuntis.
6. Actividades Interxeneracionais, levadas a cabo con alumnos de Ategal e alumnos das Universidade galegas, de centros escolares ou amigos e familiares.
7. Viaxes culturais pola contorna para o coñecemento do patrimonio cultural, artístico e natural

— Iniciativa financiada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia —

8. Testeo de produtos e servizos innovadores para as persoas maiores, a través do Senior Lab.
9. Encontro Rexional das Aulas de Galicia, unha vez ao ano.
10. Inauguración e clausuras oficiais dos cursos. A inauguración do curso 2024-2025 o celebramos o pasado 19 de novembro en Santiago de Compostela.

4 PERFIL DOS USUARIOS

ATEGAL está aberto a todas as persoas de 55 ou máis anos, da Comunidade Autónoma de Galicia. Actualmente o noso alumnado ascenden **a máis de 1050** entre as distintas sedes de Galicia. Cada mes temos novas incorporacións ao programa.

Dentro da actividade formativa a oferta renóvase cada curso con novos programas e servizos que se poñen a disposición de todos os socios.

En tódalas sedes está contemplada a opción de que aquelas persoas que desexen asistir ao noso centro poidan facelo independentemente da súa condición económica.

As nosas actividades e servizos son ofrecidos a colectivos interesados pero que en ocasións non cumpran o requisito da idade, como poden ser persoas con algunha discapacidade intelectual.

Por outra banda para pertencer a Asociación é suficiente con ter interese no programa e colaborar cun donativo que lle da dereito a asistir ás actividades e eventos que son gratuítos, ademais das vantaxes que en cada curso académico inclúe, en cada sede.

A duración das actividades adáptase ao calendario académico, de outubro a maio, e os períodos de máis demanda é polo xeral en setembro e outubro.

O alumnado de ATEGAL son principalmente mulleres, mentres que ano tras ano aumenta o número de homes, atraídos por actividades como as linguas modernas, pintura ao óleo ou novas tecnoloxías. Estes son máis reticentes a participar nas actividades de carácter físico e emocional.

O alumnado de ATEGAL define a institución como un centro de formación sociocultural que lles axuda a mellorar a súa calidade de vida e a permanecer activos.
O grado de satisfacción é excepcional e o 95% de matriculados repiten ano tras ano.

O perfil dos maiores en Galicia é moi diverso, hai moita poboación nas zonas rurais e o seu perfil non é o mesmo que o das zonas urbanas, en parte porque as necesidades e circunstancias son distintas. Pero se falamos en termos xerais, si podemos dicir que cada vez son máis conscientes da importancia de saber envellecer, dos beneficios que experimentan ao realizar actividades físicas e cognitivas, e ademais o nivel de formación é cada vez maior. Polo tanto hai que ter todo isto en conta e saber adaptarse a cada perfil e ofertar actividades que satisfagan estas demandas, e por suposto estar á vangarda do que vai xurdindo.

En xeral, temos que destacar a diversidade do colectivo de persoas coas que traballamos e ser moi consciente diso para poder "personalizar" na medida das nosas posibilidades ao proxecto de vida que cada quen quere desenvolver.

Traballamos para abrir esta etapa da vida a novos camiños, novas inquedanzas, coidar o corpo, comprometerse coa sociedade, promover a participación, buscar recursos para un envellecemento satisfactorio e loitar contra a discriminación pola

idade. É dicir, como conmemoramos cada 1 de outubro, o día do Maior, camiñar por unha sociedade máis xusta para todas as idades.

1 de octubre - Día de las Personas Mayores

QUE CADA PASO NOS ACERQUE A UNA SOCIEDAD MÁS JUSTA

#EstamosEnElCamino

— Iniciativa financiada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia —

5 METODOLOXÍA

A forma de facer e proceder en ATEGAL é froito da experiencia acumulada nestes anos de experiencia pero sen perder a noción do tempo, é dicir tendo moi presente que a poboación vai cambiando e nós debemos facelo con ela. Cos seus intereses e novos modelos e ferramentas.

ATEGAL, como centro de formación réxese por cursos académicos, de setembro a xuño. Os/as alumnos/as acoden en setembro para asesorarse sobre o comezo das clases no mes de outubro. Terminamos no mes de maio ou xuño, as clases presenciais, en función da actividade.

O alumnado elixe a que actividades queren asistir nas tres grandes áreas descritas: **cultural, ocupacional e da saúde.**

O alumnado fai unha donación para colaborar con ATEGAL, tendo así dereito a :

1. Actividades de formación gratuítas organizadas por ATEGAL ao longo do curso, que en cada sede son distintas.
2. Asistir ás celebracións, visitas culturais, viaxes, excursións, congresos, xornadas interxeneracionais, que organiza a entidade ao longo do curso.
3. Acceso personalizado á plataforma de formación online propia. https://formacion.ategal.com/

Impártese unha media de 45 horas semanais e 16 seminarios distintos por sede, entre as tres áreas descritas.

A maiores, sempre se ofertan algúns obradoiros ou seminarios máis breves, 2 meses máis ou menos, sobre temas que vemos que poden ser demandados e que poden ser abordados en menos tempo.
Así mesmo, intentamos introducir cada vez máis as TIC na Aula, para que nosos alumnos as utilicen como ferramentas útiles de coñecemento. Os profesores progresivamente van introducindo na súas materias recursos formativos on-line como complemento á formación presencial recibida.

ATEGAL leva apostando dende o ano 2004 fortemente polas TIC na Aula e dende o ano 2012 introduciu cursos de manexo básico de tabletas e smartphones gratuítos para os seus alumnos. Isto produce, entre outras cosas, que teñamos na actualidade un programa de estimulación cognitiva a través do ordenador en varias das nosas sedes **NeuronUP** e desenvolvemos unha **APP propia** para xestión dos usuarios, información e posta ao día das novidades da Aula, así como un acceso aos contidos da plataforma.
Ademais grazas aos proxectos financiados coa axuda do IRPF seguimos apostando por romper a fenda dixital e o idadismo, este ano en concreto tratando o tema da IA é inclusiva.

— Iniciativa financiada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia —

— Iniciativa financiada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia —

A metodoloxía na Aula debe promover a autonomía de cada asistente e a participación.

Somos conscientes da parcela de formación que ofrecemos, é de calidade, rigorosa, non regrada e non obrigatoria. O noso alumnado quere aprender, mellorar, pero tamén compartir, tanto coñecemento como experiencia, como o seu tempo. O estar a gusto e saber que se me ten en conta é algo que valoran todos os asistentes.

Foméntase:

1. O intercambio de experiencias entre os participantes, crear grupo.
2. As actividades interxeracionais puntuais e permanentes, os profesores co alumnado, o alumnado co alumnado de prácticas, e maiores con nenos
3. Actividades interdisciplinarias, para a convivencia de todo o alumnado da sede e como algo enriquecedor para a formación.
4. De forma transversal se busca estar cos tempos actuais: tanto ó día coas noticias de actualidade que promovan unha charla, unha visita, unha acción solidaria, etc...como reciclando ao persoal para saber adaptarse ao perfil diverso dos maiores actuais.

O profesorado, ao terminar o seu taller, presenta unha memoria de como evolucionou o grupo, que melloras se poden introducir de cara ao próximo curso e a satisfacción dos seu alumnado.

O contacto permanente dos responsables da entidade co alumnado, permite detectar rapidamente calquera incidencia que poida xurdir.

No 2020 púxose en marcha o proxecto **Aulas +Social** porque detectamos un baleiro na atención prestada, é dicir, cando por motivos de fraxilidade física, social ou cognitiva non poden acudir presencialmente ás nosas sedes, que continuidade

e servizo ofertamos aos alumnos de ATEGAL? ¿Ao mesmo tempo, atendemos todo o que podemos a todos/as os/as alumnos/as que asisten as nosas aulas a actividades? E dicir, ¿hai servizos que sabemos necesarios que non podemos ofrecer?

Este proxecto tivo continuidade ao longo do ano 2024 e acabamos de darlle unha nova volta. Seguimos crendo nos espazos en termos de Convivencia, e iso mesmo é o que aspiramos a conseguir nas nosas Aulas, tamén fóra das horas lectivas.

Estamos seguros que: o futuro segue pasando pola **educación**, para xerar recursos que permitan afrontar as dificultades da vida en mellor posición e nos permitan superalas, e tamén pola vida en **comunidade,** cada día temos máis claro que todos somos vulnerables, que todos precisamos axuda e que a comunidade, familia, amigos, voluntariado é a rede que temos que mimar e coidar para que nos sintamos tamén coidados e atendidos.

— Iniciativa financiada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia —

6 PROXECTOS DESENVOLVIDOS

A **Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos**, na que están integradas As AULAS Senior de Galicia, ATEGAL, presentou para o ano 2024 os seguintes proxectos, a maiores do proxecto de envellecemento activo de Aulas que desenvolvemos con carácter permanente nas nosas sedes.

6.1 Programa de Voluntariado Senior

A Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos é unha Entidade de Acción Voluntaria dende o ano 2019 co número de rexistro O-867.

Está nos obxectivos da entidade o poñer en valor o talento senior así como promover actividades interxeneracionais que eduquen en contra a discriminación por temas de idade. Estes obxectivos son os principais do programa de Voluntariado Senior que se desenvolve anualmente na entidade.

Un grupo de 29 persoas maiores da entidade exercen como:

1. **Voluntarios culturais**: impartindo seminarios, deseñando saídas e visitas culturais e dinamizando os eventos culturais que se organizan ao longo do curso académico
2. Formando e axudando coas tarefas escolares a rapaces que o precisan, ben porque son coñecidos ou derivados da Unidade de Migracións do Concello de Santiago
3. Profesor de pintura no Obradoiro de pintura interxeracional , todos os luns na sede de Santiago
4. **Voluntarios sociais**, acompañando a persoas ao médico, consultas xurídicas ou necesidades demandadas.

Durante este ano levamos a cabo Seminarios de formación sobre Envellecemento

activo e Idadismo, tanto a coordinadoras coma voluntarios/as, finalizando o proxecto ca realización dun mural en contra do Idadismo na Sede de Santiago, e agasallamos as distintas sedes con copias do mesmo

Este proxecto se enmarca dentro do programa de Voluntariado Senior apoiado pola **Dirección Xeral de Voluntariado.**

6.2 Aulas + Social, un novo discurso fronte a lonxevidade

Aínda que a Asociación leva 47 anos desenvolvendo proxectos para a promoción do envellecemento activo en clave da saúde e do benestar a través dun potente modelo (Aulas Senior) que xira arredor da aprendizaxe permanente ao longo da vida, na actualidade é necesario reformular este modelo.

Comentado [Autor des1]: Esto se configura como justificacion.
La cuestión es describir claramente el programa Aulas + Social, sus actividades y los gastos que serán susceptibles de subvencionar

Esta necesidade xorde porque detectamos, no día a día, a que as persoas maiores evolucionan de forma diferente; o perfil das persoas que atendemos é moi diverso, con diferentes inquedanzas e a súa vez estas deben afrontar novos escenarios non esperados, con cambios moi rápidos en pouco tempo e que provocan inseguridades non previstas, para as que debemos buscar novas respostas.

O mundo enteiro envellece e os nosos socios e socias tamén. Se falan de nós que somos a súa familia elixida, imos ser quen de atender o que nos demandan? ¿podemos mirar cara outro lado cando non poden pertencer á entidade, alo menos como ata o momento actual?

¿que habilidades e competencias ten que ter o profesional que atenderá a esta nova xeración de persoas?

En Aulas Sénior traballamos estes retos en reunións periódicas cos alumnos, cos familiares e tamén cos profesionais de empresas que atenden a persoas maiores. Queremos construír entre todos un modelo de envellecer diverso, que atenda ás novas necesidades e sexa referente no proceso de cumprir anos adaptativamente e continuar traballando para garantir o bo trato cara as persoas maiores.

En definitiva a clave do proxecto está na **coordinación e optimización de recursos** desde un marco conceptual centrado nas persoas.

6.3 Programa Sénior Lab

Con este programa intentamos consolidar ATEGAL Senior Lab. Nexo de unión entre empresas, administracións e entidades e persoas maiores.

ATEGAL SeniorLab é un laboratorio de innovación que naceu baixo a necesidade de abordar as oportunidades e/ou desafíos que o fenómeno da vellez e envellecemento trae consigo dende un punto de vista diferente, dándolle todo o protagonismo ás persoas maiores e que sexan ele os que nos indiquen o camiño no que temos que traballar entidades, administracións e empresas, para construír o futuro da nosa comunidade, para que **traballando con eles e non só para eles** consigamos prepararnos para o futuro que temos á volta da esquina e ao cambio de rol que nos espera.

6.4 Outras iniciativas

- **Colaboramos coa Cátedra de Cruz Vermella" e a USC. Compartimos** actividades e xuntos traballamos por poñer en valor o talento senior.
- **Alumnos en practicum.** Temos convenios de colaboración coas facultades de Psicoloxía, Pedagoxía, Educación Social e Traballo Social da USC, de Socioloxía da UDC para que os alumnos poidan realizar o practicum nas nosas sedes. Tamén acollemos a alumnos dos ciclos de Animación socio-cultural e do Máster de Xerontoloxía e de Igualdade.
- **NeuronUp, Estimulación cognitiva on-line.** É uhna aposta pola tecnoloxía unida á formación permanente de calidade e en aras de adaptarnos aos maiores, máis independientes e que queren unha formación continuada sen os parones estivais e en todo momento.
  Pioneiros en utilizar esta ferramenta, cada día ten máis adeptos e xenérase máis dependencia ás sesións realizadas.
  Neste eido contamos coa colaboración con CaixaBank.
- Seguimos colaborando coa **Estratexia contra a Soidade non Desexada** e tamén **Contra o Idadismo**, que está a desenvolver pola Consellería de Política Social
- Colaboración coa **Acción Social Caixa Bank**, no Programa Cheos de Vida, que nos trae diferentes actividades para os nosos asociados.

- Programa de **Benestar Emocional** nas sedes de Lalín e Santiago, desenvolto en colaboración coa Xunta de Galicia e Afundación.
- Programa **"Nin edadismo nin fenda dixital"**, onde neste ano traballamos por acercar a Intelixencia Artificial ao servizo das persoas maiores.

— Iniciativa financiada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia —

7 ORGANIZACIÓN DOS DISTINTOS SERVIZOS, CENTROS E FUNCIÓNS NO QUE SE DIVERSIFICA A ACTIVIDADE DA ENTIDADE.

7.1 Aula Sénior de Santiago de Compostela

As Aulas Senior de Santiago, a través da Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos pertencen á Confederación Española de Aulas da Terceira Idade (CEATE) como membros asociados. Son así mesmo, membros do Consello Sectorial Municipal das Persoas Maiores.

En Ategal Santiago houbo durante o curso 23-24 un total de **125** alumnos/as matriculados (con 34 horas lectivas semanais)e no curso 24-25, contabilizáronse **158** alumnos/as matriculados.

O curso académico comeza no mes de outubro e remata no mes de maio, durante os meses de setembro e xuño, seguimos con seminarios, charlas e visitas ás exposicións da cidade, tamén viaxes culturais dun día, poñendo o colofón final coa viaxe de fin de curso, que este ano 2024 foi a Praga e Budapest.

No curso 2024/2025 incorporáronse dúas actividades novas ao horario: Novas Tecnoloxías Temáticas, talleres dun nivel máis avanzado entre os que se inclúen coñecementos de IA, e Italiano nivel básico.

ATEGAL
Formación permanente e ocio para persoas adultas

2 OUTUBRO COMEZAN AS ACTIVIDADES

ATEGAL
Formación permanente e ocio para persoas adultas

Tlf: 618184344/981581533
administracion@ategal.com

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Pintura 10:30 - 12:30h 17:00- 19:00h	Ioga 10:30- 11:30 h 11:30-12:30h	Pilates I 10:30-11:30h	Ioga 10:30- 11:30 h 11:30-12:30h	Pilates I 10:30-11:30h
Inglés NM 17:00 - 18:00h N.AV18:00- 1900h NI 19:00- 20:00h	Informática 1 11:30-12:30h	Benestar Emocional 10:30-11:30h	Informática 1 11:30-12:30h	Acuarela 10:00-11:30h
Música instrumental 17:00- 17:30 h	Informática 2 18:00- 19:00h	Inglés NM 17:00 - 18:00h N.AV18:00- 1900h NI 19:00- 20:00h	Informática 2 18:00- 19:00h	Restauración 11:30- 12:30h
Coro 17:30- 18:30 h	Memoria 17:30 - 19h	Música instrumental 17:00- 17:30 h	Historia 19:00- 20:00 h	
Literatura 18:00- 19:00h	Ximnasia 19:00-20:00h	Coro 17:30- 18:30 h	Ximnasia 19:00-20:00h	
	Dúbidas móvil 19:00- 20:00 h	Historia do arte 19:00- 20:00 h		
	Cultura Francófona 19:00- 20:00 h			

HORARIO CURSO 23-24

1 OUTUBRO COMEZAN AS ACTIVIDADES 2024/2025

ATEGAL
Formación permanente e ocio para persoas adultas

Tlf: 618184344/981581533
administracion@ategal.com

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Pintura 10:30 - 12:30h 17:00- 19:00h	Ioga 10:30- 11:30 h 11:30-12:30h	Pilates I 11:00-12:00h	Ioga 10:30- 11:30 h 11:30-12:30h	Pilates I 11:00-12:00h
Inglés NM 17:00 - 18:00h N.AV18:00- 1900h NI 19:00- 20:00h	Tecnoloxías 1 11:30-12:30h	Acuarela 11:00-12:30h	Tecnoloxías 1 11:30-12:30h	Restauración 10:45- 12:45h
Música instrumental 17:00- 17:30 h	Tecnoloxías 2 18:00- 19:00h	Inglés NM 17:00 - 18:00h N.AV18:00- 1900h NI 19:00- 20:00h	Memoria 17:30 - 19:00h	*NOTA:pola asistencia a calquera das outras actividades unha delas será gratuíta.
Coro 17:30- 18:30 h	Italiano 19:00- 20:00h	Música instrumental 17:00- 17:30 h	Tecnoloxías 2 18:00- 19:00h	
Literatura* 18:00- 19:00h	Ximnasia 19:00-20:00h	Coro 17:30- 18:30 h	Italiano 19:00- 20:00h	
	Cultura Francófona* 18:00- 19:00 h	Tecnoloxía Temática 19:00-20:00h	Historia* 19:00- 20:00 h	
		Historia do arte* 19:00- 20:00 h	Ximnasia 19:00-20:00h	

HORARIO CURSO 24-25

— Iniciativa financiada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia —

ACTIVIDADES FORMATIVAS OU OBRADOIROS BREVES

5. 17 de xaneiro: Ciclo de talleres Benestar Emocional. ”Recoñecemento e aceptación das emocións”.
6. 1 de febreiro: Cinefórum. “El exótico hotel Marigold”. Levada a cabo pola alumna en prácticas de educación social.
7. 7, 14, 21, 28 de febreiro: Baila, ponte en pé! Actividade física que contribúe ao benestar persoal, mellorara da mobilidade, coordinación, etc. Caracterizada por movementos corporais acompañados co ritmo da música, o que ademais aporta estimulación sensorial e cognitiva. Esta actividade foi levada a cabo en horario de mañá e tarde pola alumna en prácticas de educación social.
8. 7 de febreiro: Ciclo de talleres Benestar Emocional. “Crenzas, pensamentos e estratexias de mellora”.
9. 8,15 e 22 de febreiro: Taller “Dúbidas de móbil”. Espazo onde o alumnado pode compartir e resolver as súas dúbidas de móbil. Este taller realízase como obradoiro breve extra.
10. 8 de febreiro: Cinefórum: “A lingua das bolboretas ”.
11. 15 de febreiro: Cinefórum. Curtametraxe “Expresión artística e emocional a través da curtametraxe ” .
12. 21 de febreiro: Actividade interxeracional. “Transmisión de valores e representación e cambio de roles”.
13. 22 de febreiro: Cinefórum. ”El becario”.
14. 4, 11, 18, de marzo: “Taller de escritura creativa”. Incluído no programa “Llenos de vida” levado a cabo por CaixaBank. Busca compartir experiencias e textos entre as persoas para aumentar a motivación de escritura e mellora das habilidades e ferramentas de textos artísticos.
15. 5 de marzo: Programa “Marzo, mes da Muller”. Obradoiro “As mulleres que nos inspiran”. Actividade que busca por en valor a importancia

dos logros de mulleres que nos rodean no noso día a día, deixándoo plasmado visualmente a través dun mural.

16. 7, 12, 14, 19, 21 de marzo; 2, 4, 9, 16, 18, 23, 25, 30 de abril e 7 de maio: "Creación de Pódcast". Taller que ten como obxectivo transmitir as claves necesarias para poder realizar dende cero un pódcast, dende a fase creativa ata a difusión e publicación. Aporta beneficios na creatividade e a participación social. Incluído no programa "Llenos de vida" levado a cabo por CaixaBank.
17. 7 de marzo: Programa "Marzo, mes da Muller". Charla "Sofía Casanova, periodista, poeta e novelista".
18. 14 de marzo: Programa "Marzo, mes da Muller". Coloquio "As mulleres en Compostela". Levado a cabo por Encarna Otero, escritora e historiadora compostelá que nos recuperou a historia das mulleres santiaguesas.
19. 19 de marzo: Celebración do día do Traballo Social "I Feira do Traballo Social" ,realizada pola Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela. O alumnado en prácticas que participou no evento, compartiu co resto de alumnado da EUTS o labor que desenvolven na entidade.
20. 20 de marzo: Charla de Ciberseguridade. Na que se aborda a seguridade para levar a cabo compras online e evitar os principais fraudes. Impartida polas persoas voluntarias do Banco Santander, dentro do programa "Finanzas para mortais".
21. 21 de marzo: Programa "Marzo, mes da muller". "Roteiro Feminista por Compostela". Pequena ruta interxeracional por Santiago con parada naqueles lugares onde a pegada das mulleres está máis ca presente.
22. 8 de abril: Xornada Interxeracional co alumnado de La Salle.
23. 11 de abril: Cinefórum. "Informe Auschwitz".
24. 18 de abril: Cinefórum. "Elsa & Freud. Los sueños no tienen edad".

25. 24 de abril: Encontro co alumnado do Ciclo Formativo de Integración Social do C.I.F.P Portovello para que coñezan o funcionamento e actividades levadas a cabo en ATEGAL.
26. 25 de abril: Cinefórum. “O que arde”.
27. 29 de abril: Celebración do Día da Solidariedade e Cooperación entre Xeracións cunha actividade interxeracional co alumnado do C.P.R. Nuestra Señora de los Remedios.
28. 30 de abril: Ciclo de talleres Benestar Emocional. “Vida con propósito”.
29. 2 de maio: Cinefórum. “En guerra con mi abuelo”.
30. 3 e 6 de maio: Ciclo talleres “Aprende a usar Google Maps”. Nestes dous talleres búscase proporcionar as bases teóricas para o uso de dita aplicación.
31. 8 e 15 de maio: “Actívate!”. Esta actividade o que busca é a mellora da forma física a través da música e o baile, creando e seguindo coreografías, axudando tamén na mellora da coordinación.
32. 13 de maio: Ciclo talleres “Aprende a usar Google Maps”. Neste último realizarase unha ruta polo casco histórico da cidade para poñer en práctica os coñecemento obtidos nos talleres anteriores.
33. 21 e 28 de maio: Obradoiros “Usos incribles da Intelixencia Artificial”. Cada un destes obradoiros ten como finalidade achegar ao alumnado a utilidade que pode ter a Intelixencia Artificial no noso día a día e como se lle pode sacar o máximo proveito posible.
34. 24 e 25 de maio: “XXXIV Congreso Internacional da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría”. Neste congreso presentouse nunha comunicación oral o noso proxecto “ Mural idadismo”, un mural estilo “pop art” elaborado polo alumnado de pintura e acuarela no cal se plasman microidadismos do día a día.
35. 28 de maio: Ciclo de talleres Benestar Emocional. “O optimismo e a actitude positiva”.
36. 3 de xuño: Actuación da coral de ATEGAL na clausura do curso 23/24 das aulas de Lalín.

37. 7 de xuño: Representación teatral do alumnado de Literatura na Clausura do Curso 23/24 de ATEGAL Padrón.
38. 12 de xuño: Charla "Castelos de Galicia e España". Impartida pola profesora e historiadora voluntaria Victoria Tizón.
39. 28 de xuño: Actividade Interxeracional "Letras Góticas". Impartida polo alumno de acuarela de ATEGAL.
40. 13 de setembro: Que é e como se solicita o Carné+65? I. Formación para coñecer o Carné+65, o funcionamento e que descontos podo ter con el.
41. 18 de setembro: Que é e como se solicita o Carné+65? II. Formación para coñecer o Carné+65, o funcionamento e que descontos podo ter con el.
42. 23 e 30 de setembro; 7,14,21 e 28 de outubro;2,9,16 de decembro: "En forma". Un taller de exercicio físico, oriientado a manter e mellorar a condición física xeral das persoas. Trabállase o mantemento e mellora da forza, o equilibrio e coordinación, a través da metodoloxía Eurythmics empregando a música como medio. Incluído no programa "Cheos de vida" levado a cabo por CaixaBank.
43. 11,18 e 25 de outubro; 8,12,15 e 22 de novembro: Programa "Coñecendo as emocións".
44. 14,21,28 de outubro; 2,9,16 de decembro: "Prepara a túa saída ou desprazamento". Taller orientado a que o alumnado coñezca as principais aplicacións de organización e desprazamento. Incluído no programa "Cheos de vida" levado a cabo por CaixaBank.
45. 15,22 e 29 de outubro; 5,12,19 e 26 de novembro; 3,10 e 17 de decembro. "Dúbidas de móbil". Espazo onde o alumnado pode poñer en común cos seus e as súas compañeiros e compañeiras as distintas dúbidas que lle poden xurdir ao longo da semana. Impartido polo alumnado de prácticas de Traballo Social.
46. 29 de outubro: Cinefórum: "A praia dos afogados".

47. 18 de novembro: Boas prácticas e iniciativas para maiores en Compostela. Xornada organizada polo Concello de Santiago de Compostela centrada na temática da Soidade non desexada.
48. 27 de novembro: “Hospitalitas e Santiago”. Charla impartida polo Dr. José Manuel García Iglesias.
49. 3 de decembro: “Velas de nadal”. Obradoiro de creación de velas aromáticas e temática navideña.
50. 10 de decembro: “Postais de nadal e collage”. Obradoiro de postais de nadal empregando a técnica “collage”.
51. 11 de decembro: “Noia, vila dos arcebispos”. Presentación sobre esta vila e a súa ría que foi, na Idade Media, lugar de gran actividade polo seu porto e os seus artesáns. Como pertencía á terra de Santiago os arcebispos moraban na vila moitas veces e incluso Alonso II foi raptado nela.

VISITAS E ACTOS CULTURAIS

1. 24 de xaneiro: Chocolatada e encontro solidario de Corais. Coa participación das corais de ATEGAL, Vedra, La Salle e o alumnado da escola de música Allegro. Todo o recaudado irá a favor da Cociña Económica.
2. 25 de xaneiro: Visita á exposición "This is Pop! Das latas de Andy Wrhol ás túas".
3. 20 de febreiro: Cocido de entroido.
4. 29 de febreiro: Saída cultural á A coruña. Saída cultural a Coruña coa visita á exposición de Sorolla, Visita á Casa de Picasso e ao Castelo de San Antón.
5. 11 de abril: Visita á exposición "Habitats, natureza estendida".
6. 18 de abril: "Roteiro dos cruceiros composteláns". Unha pequena ruta por algúns dos cruceiros máis significativos da cidade (Cruz de San Pedro, da Capela da nosa Señora da Angustia de Arriba, Cemiteri de Bonaval, Camposanto da Cofradía do Rosario, do Home Santo, etc.).
7. 18 de abril: "Coñece os recunchos do Teatro Principal". Visita guiada polo Teatro Principal de Santiago de Compostela.
8. 23 de abril: Celebración do Día do libro. Representación teatral dirixida pola profesora voluntaria de literatura e interpretada polo seu alumnado, acompañado dun sorteo de varios exemplares (biografía de Luísa Villalta, poemario de Rosalía de Castro, Bibliografía de Rosalía de Castro ou Mulleres en Compostela de Encarna Otero) e a entrega de craveis aos asistentes por ser o 25 de abril a Revolución dos Craveis.
9. 3 de maio: "Roteiro das igrexas". Ruta para coñecer a arquitectura e historia dalgunha das igrexas de Compostela.
10. 20 de maio: Celebración do día das Letras Galegas. Na celebración do Día das Letras Galegas, o alumnado de literatura realizou un recital literario de poemas de Luísa Villalta (autora á que se lle dedica este ano este día), proxectándose un breve curto que reflexa a vida da autora, en colaboración

— Iniciativa financiada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia —

co alumnado en prácticas da USC. Por último o acto péchase cun recital do coro de ATEGAL.

11. 22 de maio: “Feira Comercio Xusto”. Coñecerán a orixe, produción e características do café, azucre e o cacao, con degustación incluída. Esta actividade foi levada a cabo en colaboración coa entidade Solidariedade Internacional de Galicia.
12. 23 de maio: “Escavando da historia por Santiago”. Visita guiada pola cidade para dar visibilidade ao proxecto “Escavando na Historia”, pequenas píldoras en formato vídeo (TIK TOK), que abarcan dende o Paleolítico ata a Idade Media, pasando pola historia do Apóstolo e o Camiño de Santiago.
13. 29 de maio: Visita á exposición “Tesouros Reais”. Exposición internacional que acerca a Santiago de Compostela os tesouros artístico do Terra Sancta Museum de Xerusalén, composto de doacións de las monarquías católicas europeas a lo largo de 500 anos.
14. 6 de xuño: Roteiro das “Gárgolas de Santiago”. Este percorrido permítenos coñecer a historia e lendas da cidade ao longo dos séculos a través das súas enigmáticas gárgolas. Guiada pola docente voluntaria en historia en colaboración co alumnado de informática. Debido á altura na que están situadas as gárgolas, o alumnado de informática e móbiles colaboraron coa docente para realizar as fotos e crear os códigos QR empregados despois na actividade.
15. 11 de xullo: Sanidade e Mediaverso. Participación no evento organizado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, dirixido á poboación galega onde se compartiron ferramentas da plataforma multitecnolóxica Sanidade Mediaverso, deseñadas para a xeración de hábitos de vida saudables na cidadanía.
16. Do 11 de xuño ao 18 de xuño: Viaxe conxunto de tódalas aulas de Galicia a Praga e Budapest.
17. 13 de xuño: Visita guiada á Casa de Troia.
18. 26 de xuño: Saída a Vimianzo e Muxía. Visita ao Castelo de Vimianzo, Mosteiro de Moraime, Faro de Touriñán e Cabo Vilán.

19. 11 de xullo: Foro “Desafíos e Oportunidades da España rural. Galicia”. Fundación MAPFRE.
20. 24 de setembro: Saída a Vigo e O Grove. Visita guiada á Fortaleza do Monte do Castro e viaxe no coñecido “Barco dos mexillóns” con saída dende O Grove onde coñecemos a fauna da Ría, o funcionamento das bateas e degustamos mexillóns.
21. 26 de setembro: Visita guiada á exposición “Unha vida vikinga” na Museo Gaiás.
22. 11 de novembro: actuación e merendola do Coro de ATEGAL na Residencia A Raiola, compartindo así unha tarde de lecer.
23. 13 de novembro: actuación do Coro de ATEGAL na Residencia de maiores fundación Amancio Ortega .
24. 19 de novembro: Acto de inauguración do Curso 2024-2025. Realizado no Museo de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela. Contamos cunha pequena charla do Dr. Miguel Ángel Valero: “Accesibilidade e inclusión no ámbito das ferramentas tecnolóxicas” e a actuación do coro de ATEGAL. E visitas culturais ao Pórtico da Gloria, Igrexa de San Francisco, Exposición Arquitecturas Narradas e Visita ao CEGAC.
25. 5 de decembro: Visita guiada á exposición “O son do mar” de Mayte Vieta.

— Iniciativa financiada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia —

7.2 Aula Sénior de Coruña.

As Aulas Sénior de Coruña, a través da Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, forman parte da Confederación Española de Aulas da Terceira Idade (CEATE) como membros asociados.

Forman parte do Programa de Voluntariado Dixital de Galicia impulsando un novo modelo de inclusión dixital, que integre as accións para a alfabetización dixital con outras que permitan aos nosos alumnos, avanzar, madurar e acceder a maiores niveis de coñecemento e uso das TIC, camiñando cara a innovación social dixital, posibilitando a súa autonomía, participación, colaboración e mellora na súa xestión diaria.

Durante o curso 2023/2024 as Aulas Sénior de A Coruña houbo 80 alumnos/as matriculados. No curso 2024/25 están matriculados 112 alumnos/as.

As horas lectivas semanais dedicadas ás actividades permanentes son de 25 horas , comezando en outubro e rematando en maio, manténdose as saídas culturais, visitas, etc., de xuño a setembro.

Seguimos coa plataforma online coas actividades: “Hoy hablamos de…”, café literario, francés, estimulación cognitiva , ximnasia cerebral e novas tecnoloxías, e Intelixencia Artificial

Neste curso 24-25, comezamos con una actividade nova presenciais, Historia da literatura.

CURSO 23-24

CURSO 24-25

— Iniciativa financiada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia —

ACTIVIDADES FORMATIVAS OU OBRADOIROS BREVES

1. 19 de xaneiro: Presentación do Cine Foro, coa película “Pared con pared”.
2. 22 de xaneiro : Charla sobre "SOS de Emerxencia" impartido polo alumnado en prácticas de Socioloxía da Universidade da Coruña.
3. 16 de febreiro: Presentación do Cine Foro: “En busca de Bobby Fischer”.
4. 22 de febreiro: Obradoiro de memoria relacionado coa exposición “Sorolla en Galicia” impartido polo alumnado en prácticas de socioloxía .
5. 7,14 e 21 de marzo : Obradoiro " Espertar cun Sorriso". Incluído no programa “Cheos de vida” levado a cabo por CaixaBank. Obradoiro dirixido a mellorar os hábitos de durmir. Ofrecerase asesoramento para descansar ben e contribuír a mellorar a vida cotiá das persoas maiores, con especial atención aos máis vulnerables.
6. 8,15,22 e 29 de marzo; 5,12,19 e de abril; 3,10,17,24 e 31 de maio; 7 e 14 de xuño : Obradoiro “Vivir como Quero”. Incluído no programa “Cheos de vida“ levado a cabo por CaixaBank. Obradoiro dirixido a fomentar o desenvolvemento persoal das persoas maiores e valorar as habilidades de recursos para afrontar os retos da vida.
7. 22 e 29 de abril : Obradoiro de “Intelixencia Artificial ” en ATEGAL Ferrol, impartido por Carolina Naranjo coordinadora das Aulas de Coruña. O obxectivo deste obradoiro é proporcionar aos maiores unha comprensión clara e accesible dos conceptos básicos da intelixencia artificial (IA), así como de ferramentas prácticas como ChatGPT e Léxica.
8. 25 de abril y 02 de maio : Obradoiro de “Intelixencia Artificial ”nas Aulas de Ourense impartido por Carolina Naranjo coordinadora das Aulas de Coruña. O obxectivo deste obradoiro é proporcionar aos maiores unha comprensión clara e accesible dos conceptos básicos da intelixencia artificial (IA), así como de ferramentas prácticas como ChatGPT e Léxica.
9. 26 de abril : Presentación do Cine Foro: “El Gran Carnaval”.

— Iniciativa financiada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia —

10. 29 de abril : Obradoiro "Como usar Google Maps e localización" impartido por alumnos de Socioloxía da Universidade da Coruña (UDC).
11. 2 de maio : Obradoiro “Como usar Google Lens na rúa” impartido por alumnos de Socioloxía da Universidade da Coruña (UDC).
12. 10 de maio : Presentación do Cine Foro: “Vencedores y vencidos”.
13. 21 y 28 de maio : Obradoiro de “Intelixencia Artificial “ nas Aulas de Santiago impartido por Carolina Naranjo coordinadora das Aulas de Coruña. O obxectivo deste obradoiro é proporcionar aos maiores unha comprensión clara e accesible dos conceptos básicos da intelixencia artificial (IA), así como de ferramentas prácticas como ChatGPT e Léxica.
14. 3 a 28 de xuño : Curso de verán con actividades como: taichí, ioga, ximnasia, informática, memoria, arte ou club de lectura.
15. 15 setembro: Comezamos coa matrícula do alumnado e coas semanas de portas abertas para todas as actividades.
16. 11,14,18,21,25,28 novembro e 2,5,9,12 e 16 decembro :”Creación de Podcast”. Incluído no programa “Llenos de vida “levado a cabo por CaixaBank. Este obradoiro ofrece ás persoas maiores as claves básicas para crear un podcast: creación de guións, conceptos de linguaxe radiofónica, efectos sonoros, edición e difusión.

— Iniciativa financiada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia —

VISITAS E ACTOS CULTURAIS

17. 24 de xaneiro: Visita guiada exposición “Emocións en perigo. Fotografías de Tim Flach”.
18. 1 de marzo : Visita guiada á exposición “Viaxar para pintar. Sorolla”.
19. 16 de abril : Visita guiada á exposición "Deuses e heroes do barroco veneciano. De Tintoretto a Luca Giordano e Sebastiano Ricci".
20. 14 de maio : Visita guiada á exposición “Picasso protagonista. Viñetas no cómic español contemporáneo”.
21. 23 de maio : celebración da comida de Fin do Curso 2023-2024.
22. 31 de outubro : Visita guiada a "Exposición Modo Retrato Simultáneo" en Afundación.
23. 19 de novembro : Inauguración do curso 24/25 en Santiago de Compostela
24. 28 de novembro: visita guiada á exposición “La Torre de La Parada” no Museo de Belas Artes.

— Iniciativa financiada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia —

7.3 Aula Sénior de Ferrol.

As Aulas Senior de Ferrol, a través da Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, forman parte da Confederación Española de Aulas da Terceira Idade (CEATE) como membros asociados.

Durante o curso 23/24 houbo un total de 50 alumnos/as matriculados, no curso 24/25 temos 77 alumnos/as.

O total de horas lectivas para ás actividades permanentes: 16 horas semanais no 23/24 16 horas semanais e no curso 24/25 aumentase a 18 e media.

Durante o curso 23/24 comezou una nova actividade: Taller de cine, que tivo un gran éxito de acollida.

Durante 2024 seguimos empregando a plataforma en liña para arquivar semanalmente as gravacións das clases presenciais como: historias da historia, historia da arte, taller de cinema, así como outros arquivos de powerpoint, conferencias, etc. de interese para o alumnado. Isto permítelles posteriormente acceder ao contido dende a casa para revisar unha actividade ou se non puideron asistir ese día, non perderlla. Un gran número de alumnos úsao con regularidade.

CURSO 23-24

CURSO 24-25

— Iniciativa financiada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia —

ACTIVIDADES FORMATIVAS OU OBRADOIROS BREVES

1. Xogos semanais de Arte, Historia e Cine durante todo o curso. Os xogos para os alumnos (enviados no grupo de whatsapp que temos para a nosa aula) son sobre temas tratados nas diferentes actividades e preparados polos profesores.
2. Do 4 marzo ata o 6 de maio, os luns: "Dúbidas de móbil" impartido pola estudante en prácticas do grado de socioloxía da Universidade de Coruña.
3. Do 18 de marzo ao 20 maio, os luns e mércores: Curso en colaboración coa fundación CaixaBank, "En forma 1 ". Taller de saúde con exercicio físico para manter e mellorar a condición física.
4. 4, 9 e 16 de abril: Curso en colaboración coa fundación CaixaBank, " Espertar cun sorriso ". Taller para transmitir os coñecementos necesarios para favorecer o soño.
5. 22 e 29 de abril: Curso de divulgación da Intelixencia Artificial impartido pola coordinadora de ATEGAL Coruña.
6. Dende o 24 de outubro ao 30 de xaneiro '25 (martes e xoves) : Taller de saúde con exercicio físico para manter e mellorar a condición física. "En forma 1 " Curso en colaboración coa fundación CaixaBank. Martes e xovs
7. Dende o 14 de outubro ao 16 de decembro (luns) : Taller de tramites por internet. Curso en colaboración coa fundación CaixaBank. Luns
